IDAES
Interuniversity Doctoral Programme
in Advanced English Studies

Universidade Vigo

Acta da sesión ordinaria da Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD) interuniversitario en Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura, celebrada o 30 de abril de 2025, ás 13:00 horas mediante medios telemáticos, coa seguinte

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, das actas das comisións académicas do 19/02 e 26/02
2. Informe do coordinador
3. Aprobación, se procede, do documento de actividades, plan de investigación, avaliación anual, depósito, tribunal e trámite de tese de doutoramento
4. Aprobación, se procede, das persoas directoras do alumnado de nova matrícula na convocatoria de febreiro
5. Aprobación, se procede, das propostas definitivas das memorias xustificativa, de viabilidade económica e académica modificadas do programa
6. Informe sobre as solicitudes de prórroga
7. Proposta de profesorado do programa no tribunal de premios extraordinarios de doutoramento de artes e humanidades de teses defendidas no curso 2024/25
8. Toma de decisións sobre o orzamento 2025
9. Asuntos de trámite
10. Rolda aberta de intervencións

Asistentes:

Caneda Cabrera, Teresa
Bueno Alonso, Jorge Luis
Martín Lucas, Belén
Pérez Guerra, Javier
Rama Martínez, Esperanza
Seoane Posse, Elena

Ausentes:

Urdiales Shaw, Martín (actividade lectiva)

1. Aprobación, se procede, das actas das comisións académicas do 19/02 e 26/02

Apróbanse por asentimento.

2. Informe do coordinador

O coordinador dá conta dos seguintes asuntos:

- Actualizou os datos de matrícula do programa para o curso 2025/2026, os cales se empregan como información das condicións específicas para o alumnado que solicite acceso.
- Recibíu e tramitou a documentación xustificativa da baixa maternal de Heidi Douglas do 20/09/2024 ao 09/01/2025.
- O 27/02 celebrouse unha sesión extraordinaria da CAPD interuniversitaria na que se aprobaron as novas memorias do programa cara á súa modificación.
- O 28/02 celebrouse a defensa da tese de doutoramento de María Luz González Vinuesa, dirixida por Jorge Luis Bueno, a cal acadou a mención de Sobresaliente cum laude. Parabéns á doutoranda e mailo seu director.

- O 19/03 celebrouse o seminario 'AIEd: Unpacking the Challenges of AI in Higher Education', impartido por Carlos Lindade (Porto) e organizado por IDAES-UVigo.
- Informa de que o 'IDAES Graduate Day 2025' terá lugar en Santiago de Compostela o 16/05 e anima ao profesorado e alumnado do programa a participar e asistir.
- A EIDO publicou o 08/04 a convocatoria de matrícula en estudos de posgrao para o curso 2025/26.
- O 18/03 rematou o prazo para a inscrición nas actividades formativas de doutoramento do segundo cuadrimestre, sendo esta a matrícula nas actividades específicas do IDAES-UVigo:
    - 'Issues in Visual/Textual Translation: Written Texts and Visual Narratives from Beowulf to the BBC' (Jorge Luis Bueno): 1 estudante
    - 'Speech Rhythm and Intonation in English. New Approaches in English linguistics' (Rosalía Rodríguez): 0 estudantes
    - 'Vulnerability: A Critical Framework for Literary and Cultural Studies' (Teresa Caneda): 4 estudantes.
- Por delegación da CAPD,
    - avaliou favorablemente a solicitude de dedicación a tempo parcial dende o 01/10/2024 por razóns laborais presentada por David G. Willingham, a cal contou coa aprobación do seu director.
    - avaliou favorablemente a solicitude de dedicación a tempo parcial dende o 01/10/2024 por razóns laborais presentada por Mohamed Chaddi, a cal contou coa aprobación da súa directora.
    - avaliou favorablemente a solicitude de baixa temporal voluntaria do 18/03/2025 ao 30/09/2026 por razóns profesionais (nomeamento como cargo directivo na súa institución cunha esixencia de dedicación que non permite a continuidade dos seus estudos de doutoramento), presentada por Nancy Gómez Torres.
- Dende a pasada CAPD, mantivéronse as reunións e contactos regulares entre as tres coordinacións do programa cara á presentación das memorias definitivas de modificación, tralas avaliacións das tres Escolas de doutoramento.
- Enviou a través do espazo específico de Moovi información sobre:
    - 'InvestigaFFT2025', organizada polos programas de doutoramento con sede na FFT
    - 'I Conferencia Internacional para Investigadoras e Investigadores Emergentes en Filosofía y Ciencias del Lenguaje UAM 2025 (PhiLanSci UAM 2025)', Universidad Autónoma de Madrid
    - convocatoria da EIDO de elección de representantes de estudantes na Comisión Permanente
    - convocatoria de axudas da UVigo para a mobilidade de persoal investigador (estadías).

3. Aprobación, se procede, do documento de actividades, plan de investigación, avaliación anual, depósito, tribunal e trámite de tese de doutoramento

Infórmase favorablemente por asentimento a alta voluntaria de Sara Tabuyo Santaclara no programa, a cal conta coa aprobación da súa directora.

Apróbase por asentimento o documento de actividades, plan de investigación, avaliación anual 2024/25, depósito, tribunal, mención internacional e trámite da tese de doutoramento de Sara Tabuyo Santaclara, dirixida por Belén Martín.

4. Aprobación, se procede, das persoas directoras do alumnado de nova matrícula na convocatoria de febreiro

Apróbase por asentimento que Rosalía Rodríguez sexa, ademais de titora, a directora da estudante Goele Deckers.

5. Aprobación, se procede, das propostas definitivas das memorias xustificativa, de viabilidade económica e académica modificadas do programa
Apróbanse por asentimento.

6. Informe sobre as solicitudes de prórroga
Infórmanse favorablemente as solicitudes de prórroga presentadas polo alumnado:

Laura Abalo Dieste
Fahad Alyaqout
Ivo Henri Gerald Boers
Heidi Jennifer Diane Douglas
Lydia Freire Gargamala
David Hernández Coalla
Ian Raymond Matthews
Mar Nieves Fernández
Ricardo José Pavón Téllez
Martina Pisani
Eduardo José Varela Bravo
Anastasia Verutina

7. Proposta de profesorado do programa no tribunal de premios extraordinarios de doutoramento de artes e humanidades de teses defendidas no curso 2024/25
Tralo prazo interno, recibíuse a solicitude de Yolanda Fernández, a cal é aprobada por asentimento.

8. Toma de decisións sobre o orzamento 2025
Tómanse por asentimento os seguintes acordos:

- financiar por un importe de 156€ as copias de plantillas/matrices para implementar o test cognitivo de Raven, imprescindible na tese de Claudia Cameselle
- reservar 200€ para o evento 'InvestigaFFT2025', no que colabora IDAES-UVigo
- facer unha convocatoria de fondos bibliográficos imprescindibles para o alumnado do programa naqueles casos nos que os anteditos fondos non poidan ser adquiridos a través doutras partidas (proxectos, grupos, etc.)
- solicitar propostas de profesorado externo que poida impartir un obradoiro sobre escrita académica
- facer unha convocatoria de obradoiros e conferencias online para o alumnado do programa.

9. Asuntos de trámite
Non hai.

10. Rolda aberta de intervencións
Non hai.

Sen outro asunto que tratar, levántase a sesión ás 13:45 horas.
Vigo, 30 de abril de 2025.

VºPr.

Esperanza Rama Martínez
Secretaria da CAPD

Javier Pérez Guerra
Coordinador e presidente da CAPD

Dilixencia para facer constar que esta acta foi aprobada na sesión da CAPD do / /.

VºPr.

Esperanza Rama Martínez
Secretaria da CAPD

Javier Pérez Guerra
Coordinador e presidente da CAPD